

O CANTO DA SELVA

João Salaviza, Renée Nader Messor, 2018

576

ESTREA EN NUMAX: 09.08.2019 | V.O.S.E. | TP

Chuva é Cantoria na Aldeia dos Mortos (2018, 114')

Dirección: João Salaviza, Renée Nader Messor

Guión: João Salaviza, Renée Nader Messor

Elenco: Henrique Ihjac Kraho, Raene Koto Kraho

Son: Pablo Lamar, Luana Leobas

Montaxe: Ricardo Alves Jr., Thiago Macêdo Correia, José Edgar Feldman, Renée Nader Messor, João Salaviza

Fotografía: Renée Nader Messor

Produtora: Entrefilmes, Karo Filmes, Material Bruto (Brasil)

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Premio Especial do Xurado Un Certain Regard), Mar del Plata 2018 (Premio Especial do Xurado), Lima 2018 (Mellor Filme e Fotografía)

FILMOGRAFÍA JOÃO SALAVIZA

Russa, 2018 [con Ricardo Alves Jr., curtametraxe]

Altas Cidades de Ossadas, 2017

[curtametraxe]

Montanha, 2015

Rafa, 2012 [curtametraxe]

Cerro negro, 2012 [curtametraxe]

Arena, 2009 [curtametraxe]

SINOPSE

É de noite e reina a calma no bosque que rodea o pobo. Cando os vivos dormen, o bosque esperta. Ihjãc, un mozo indígena krahô que vive no norte de Brasil, ten pesadelos desde que perdeu a seu pai.

«Unha obra enfeitizante, entre a fábula e a antropoloxía. O filme ten a beleza dun soño»

LE MONDE



“Non cremos nun modelo de cinema separado da vida”

Entrevista con João Salaviza e Renée Nader Messor

Como xurdiu o filme? Como se lles ocorreu a idea? Renée [R]: Eu xa tiña relación coa aldea. Desde o 2009 traballei alí facendo cinema, pero era un asunto que tiña a ver coa autodeterminación dos pobos e as maneiras de conservar costumes e tradicións. Pasei entón moito tempo na aldea, vivín coas familias e mesmo teño un nome indíxena. João e máis eu somos amigos desde a universidade e, cando foi filmar *Montanha* (2015), convidoume a traballar con el. Cando rematamos a rodaxe viaxamos a Brasil, estivemos dous meses alí e el ficou abraiado coa maneira de vivir e habitar o planeta desta xente. Aí naceu o filme.

Por que decidiron facer unha ficción?

João [J]: Parecíanos que o cinema podía formular e mesmo axudar a construír a realidade que estabamos a buscar. O noso achegamento foi mudando, non por unha decisión previa estética ou artística, senón pola nosa relación coa aldea e a nosa posición foránea no lugar. Algunhas secuencias do filme foron gravadas coas formas do documental, por exemplo na celebración de festas, cerimoniais ou funerais. Pero outras secuencias son pura ficción, similar ao cinema de clásico de

estudios, onde hai unha posta en escena, plano, contraplano, montaxe, tomas e repeticións. O filme precisou de abordaxes moi distintas en cada secuencia, en función dos nosos encontros coa maneira de vivir dos Krahô e da nosa propia maneira de ocupar o espazo.

Como fixeron o cásting? Elixiron os personaxes dentro da aldea? J:

J: Non, nin sequera había textos para eles. Había un guión previo que era como unha estrutura, como un mapa borrado, fóra de foco. Tiñamos a idea de filmar a viaxe dun adolescente que foxe á cidade, e isto estaba baseado nunha historia real dun amigo Krahô que marchou e rematou cuestionando a súa espiritualidade e a súa relación coa ancestralidade da aldea. Existía este desexo de dar conta do movemento dun personaxe que transita entre o mundo espiritual e o que para nós é o real. Entón descubrimos que queríamos traballar con Ihjãc, un neno que Renée coñece desde os seus oito anos e que sempre estaba mirando, querendo saber máis. Fixemos unha curtametraxe que nin sequera rematamos, a xeito de ensaio para comprobar se eramos quen de facer un filme só na aldea, e tamén para entender como sería este xogo de cinema con Ihjãc. Desde o momento que decidimos traballar con el a súa vida comeza a desdoblarse, a súa muller no filme é a súa muller, o neno o seu fillo, a nai é a nai... **R:** Esa é outra cousa que non poderíamos falsear.

Como funciona a codirección? Vexo que se complementan moi ben e teñen o mesmo concepto de cinema. J: Somos

unha parella. Renée traballou moitos anos no cinema en rodaxes convencionais con equipos onde o feito de rodar un filme é como unha interrupción da realidade. Durante tres meses todo o mundo traballa coma un tolo, 18 horas ao día, e despois todo remata, a xente marcha e xa está. Eu traballei tamén así nos meus filmes pero con equipos máis pequenos de 15 ou 20 persoas. Un día decidimos que non queríamos seguir nun modelo de cinema separado da vida. Daquela o feito de vivir xuntos é tamén unha decisión familiar, doméstica.

Publicado en <https://surtseyfilms.es>
Tradución: Xan Gómez Viñas

* * *

Os directores

João Salaviza (Lisboa, 1984) estuda na Academia Nacional de Cine e Teatro de Portugal e na Universidade do Cine de Buenos Aires. Dáse a coñecer cunha serie de talentosas curtametraxes multipremiadas en festivais como Berlín (*Rafa*, 2012), Cannes (*Arena*, 2009) ou o Indielisboa (*Cerro negro*, 2012). O seu debut na longametraxe chega en 2015 con *Montanha*, historia dun adolescente que, case sen querelo, comeza a se facer maior. Tamén en 2015 o festival Curtocircuíto dedicoulle unha retrospectiva con pases no Cinema NUMAX.

Renée Nader Messor (Sao Paulo, 1979) estudou cinema na Universidade do Cine de Buenos Aires. Traballou durante anos como asistente de dirección en Brasil, Arxentina e Portugal. En 2009 coñeceu o pobo Krahô e, desde entón, traballa coa comunidade, participando na creación dun colectivo de cineastas indíxenas.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax